A "GLORIOSA" EN PONTEDEUME: O PRONUNCIAMENTO DE 1868 NA VILA EUMESA

Manuel Domínguez Ferro

Malia a ampla bibliografía dedicada á Revolución de setembro de 1868[1], quedan aínda por despexar algunhas sombras, en especial o impacto que o movemento revolucionario tivo no ámbito local[2] e a actitude dos diversos grupos sociais.

En Pontedeume estas lagoas esténdense a gran parte do período. Na súa *Historia de Puentedeume*, Antonio Couceiro Freijomil non atopa nada reseñabel que destacar dende 1846 -cando describe a retirada dende Ferrol das tropas do xeneral Solís e o seu fugaz paso pola vila- até 1872, momento no que conclúe a súa Historia, coas últimas escaramuzas dos rebeldes cantonalistas de Ferrol na praia de Sopazos[3].

A documentación do arquivo municipal ofrece, con todo, unha valiosa información sobre o final do réxime isabelino e as consecuencias que para a vida política municipal supuxo a Revolución do 68.

1. A "Gloriosa"

Coa Revolución de setembro de 1868, tamén coñecida como a "Gloriosa", non só se pon fin ao reinado de Isabel II (1833-1868), con ela ábrese paso un breve pero intenso proceso de cambio –o chamado "Sexenio Democrático"– liderado por un sector da burguesía, até entón relegado do poder político, que pretendía unha democratización do Estado liberal.

Aínda que a adversa conxuntura económica xogou un papel destacado no advento da Revolución, o protagonismo fundamental correspóndelle aos factores sociais e políticos, e así, a crise económica superponse á política, convertendo o levantamento nun

1. Guereña, J. L., *El Sexenio Revolucionario en la Historiografía (1968- 1978)*, en "X Coloquio del Centro de Investigaciones Hispánicas de la Universidad de Pau. M. Tuñón de Lara y otros", Madrid, 1980.

2. Urquijo, M., *El Sexenio democrático, un balance historiográfico*, en "Anales de Historia contemporánea", Nº 9, 1993. P. 34: "Los estudios locales (…) nos sitúan en unas realidades más aprehensibles y (…) muestran los diferentes comportamientos producidos en la España del Sexenio fruto de su pluralidad social, económica, política y cultural".

3. Couceiro Freijomil, A., *Historia de Puentedeume*, Pontedeume 1981, p. 301. Este episodio rematou coa morte do soldado Apolinar García, o cal explicaría o nome -"Pena do soldado"- co que se coñece o lugar.

proceso de maior alcance que os pronunciamentos que se foron sucedendo ao longo do século.

As causas do levantamento foron analizadas con profusión; os investigadores, seguindo as liñas marcadas por M. Artola[4], coinciden en sinalar as limitacións dun réxime que non foi quen de ampliar as súas bases de apoio, e iso malia os tímidos intentos de políticos como O`Donell –xefe do goberno e máximo dirixente da formación de centro Unión Liberal–, consciente da necesidade de atraer novas capas sociais mediante unha revisión da lei electoral[5].

A monarquía de Isabel II mantíñase grazas ao apoio da oligarquía -politicamente representada polo Partido Moderado-, do Exército e da Igrexa, deixando á marxe a gran parte das clases medias urbanas, máis próximas aos progresistas e aos minoritarios pero cada vez máis influíntes grupos de demócratas e republicanos.

Unha das manifestacións de descontento máis significativa tivo lugar en abril de 1865, na coñecida como "Noite de San Daniel", que se saldou coa detención e morte de centos de estudantes que protestaban pola destitución do reitor da Universidade Central de Madrid, Emilio Castelar.

Os progresistas, afastados do poder dende o final do "Bienio progresista" (1854-1856), foron derivando cara a un retraemento que os levará a absterse nas eleccións de 1866 e, finalmente, recorrerán á solución militar. Este xiro beneficia ao novo líder progresista, o xeneral Juan Prim. E ao longo dese mesmo ano prodúcense varias intentonas: o pronunciamento de Villarejo e a sublevación dos sarxentos de artillaría do cuartel de San Gil, que contou co apoio popular nas rúas. O fracaso obrigará a Prim a marchar ao exilio, onde tratará de buscar o acordo cos demócratas. E mentres os progresistas apostaban pola vía do pronunciamento militar, os demócratas centraban os seus esforzos na formación de xuntas revolucionarias.

A violenta represión levada a cabo por O`Donell tralo levantamento do cuartel de San Gil, que concluíu co fusilamento de 66 homes e as condenas a morte de Emilio Castelar e Nicolás Salmerón, entre outros, provocou a caída de O`Donell e a súa substitución por Narváez. As medidas reaccionarias tomadas por este (reforma da lei de concellos, renuencia á convocatoria de Cortes) afastarán definitivamente aos unionistas do réxime, que perderá o último dos seus aliados.

En xullo de 1866, en Bélxica, formalízase o acordo entre progresistas e demócratas no chamado "Pacto de Ostende", polo que ambas forzas se comprometían a acabar co réxime e a convocar Cortes Constituíntes mediante sufraxio universal. Tratábase dun programa de mínimos que soslaiaba as profundas diferenzas ideolóxicas que as separaban. En Bruxelas queda constituída unha xunta revolucionaria baixo a presidencia de Prim.

En 1867, logo da morte de O`Donell, os unionistas, dirixidos a partir dese momento polo xeneral Serrano, sumaranse ao pacto.

4. Artola, M., *La burguesía revolucionaria*, Madrid, 1973, pp. 363-397.

5. A de 1865 ampliaba o corpo electoral até os 418000 electores sobre unha poboación total de 15,5 millóns.

O descontento militar polo desterro decretado polo goberno de González Bravo dalgúns sinalados mandos, como os xenerais Dulce e Serrano, así como tamén do duque de Montpensier, agudiza a crise do réxime, cuxo final vese precipitado pola desaparición dos vellos líderes: morte de O`Donell en 1867, de Narváez en 1868; posteriormente seguiranlles González Bravo e Bravo Murillo, o que Jover cualifica como esgotamento biolóxico do réxime[6].

Nas semanas previas á sublevación de setembro, acelérase a constitución das xuntas. Os desacordos que separan a progresistas, por unha banda, e a demócratas e republicanos, pola outra, trasládanse ás xuntas[7]. Partidarias as primeiras do mantemento do réxime monárquico, as segundas defenderán unha saída revolucionaria do mesmo que terá como sinais de identidade a soberanía nacional, o sufraxio universal e a defensa das liberdades de imprenta, ensino e cultos.

A Revolución iníciase en Cádiz o 18 de setembro, coa sublevación da escuadra ao mando do almirante Topete, e será en Andalucía e en Levante onde cobrará máis forza. Ante a extensión que adquire o movemento, o goberno envía un exército. A súa derrota en Ponte de Alcolea (Córdoba), o 28 de setembro, provoca a fuxida a Francia da raíña.

O espallamento do fenómeno xuntista en gran parte do territorio nacional –que para Jover supón unha manifestación particular da vontade popular que terá continuidade até a II República– é un elemento clave para explicar o triunfo da revolución. As primeiras xuntas aparecen en Andalucía o 19 de setembro (Cádiz, Puerto de Santa María), quedando constituídas a maioría a principios de outubro, e nunha gran parte dos casos fíxose por aclamación popular, como foi o caso das xuntas da Coruña e Ferrol, aínda que nalgunhas ocasións recórrese á elección por sufraxio universal[8]. O carácter provisional das mesmas manterase, en xeral, até a súa disolución.

O nomeamento, o 8 de outubro, dun goberno provisional encabezado por Serrano, por parte da Xunta de Madrid, sinala o inicio dunha reconducción do movemento cara a posicións máis moderadas. O 13 de outubro o goberno dispón a formación de novos Concellos e Deputacións e o 21 ordena a disolución das xuntas.

2. A Revolución do 68 en Galicia

En Galicia o pronunciamento foi seguido en primeiro lugar por Ferrol, entre os días 20 e 21 de setembro. Dende aquí o levantamento esténdese ás comarcas próximas. O día 29 pronúnciase A Coruña e o 30 Vigo, Pontevedra e Ourense. En todas elas repítense practicamente as mesmas escenas: ademais dos vivas á liberdade e á soberanía nacional,

6. Jover, J. M., *Edad Contemporánea,* en "Introducción a la Historia de España", Barcelona, 1965, pp.539-550.

7. Artola, M., *La burguesía revolucionaria*, Madrid, 1973.

8. González Castañeda, T., *La Revolución de 1868 en 110 municipios españoles (Proceso de formación y obra de las Juntas Revolucionarias, desde el 19 de septiembre hasta el 31 de octubre),* en "Revista de Historia Contemporánea", 1984.

bandas de música percorren as rúas aos sons do Himno de Riego e os retratos da raíña son guindados dende os balcóns das casas dos Concellos.

Sorprende a rapidez con que prende o movemento: entre o 20 de setembro e o 1 de outubro este triunfa en toda Galicia.

Como no resto do Estado, nas capitais e nalgunhas vilas constitúense xuntas revolucionarias. En Ferrol, centro do movemento revolucionario, o día 26, unha *Junta revolucionaria de Provincia*, presidida polo capitán accidental do departamento marítimo, o xeneral Blas García de Quesada, asume a autoridade.

Na Coruña a Xunta será presidida por Juan Manuel Pereira, que até ese momento estaba detido no castelo de San Antón. Formaban parte dela o comerciante Juan Montero Tellinge, o enxeñeiro Francisco Cejudo, o relator da Audiencia José Mª Patiño e os avogados Benito Mª Alonso, Diego Moreno da Riba, Constantino Vázquez Rojo –procedente dunha familia de Pontedeume estreitamente vinculada ao Partido Progresista[9]- e Hipólito Otero. Esta primeira xunta apenas durou un día; debido ao radicalismo dalgúns dos seus membros, a xunta foi disolta e ao día seguinte nomeouse outra.

Constituída igualmente o 1 de outubro, a Xunta de Lugo será presidida por José Ramón. Becerra, de probada militancia liberal. Á fronte da Xunta de Santiago atopábase o notario Ildefonso Fernández Ulloa, e nela actuará de secretario Manuel Murguía.

O fenómeno espallouse tamén a algunhas vilas, como Corcubión, Muxía, Ordes, Negreira, Porto do Son, Carnota, e A Pobra[10].

As reivindicacións que lemos nas proclamas e manifestos emitidos polas Xuntas carecen, salvo en casos excepcionais, do contido revolucionario presente noutras xuntas españolas, nomeadamente en Andalucía. Son constantes as apelaciones á orde e ao mantemento da propiedade privada[11], e entre as peticións máis frecuentes figuraban a liberdade de imprenta, industria, comercio, a abolición das contribucións de consumos, a protección da propiedade, a orde e a seguridade individual.

Falta, ademais, o labor lexislativo que algunhas xuntas do resto do Estado levan a cabo, adiantándose en ocasións ao propio goberno provisional.

Esta moderación explícase, en parte, pola composición social das Xuntas e os novos Concellos nomeados por estas, onde son maioritarios comerciantes, industriais, profesións liberais e propietarios, moitos deles beneficiarios das desamortizacións e integrados maioritariamente nas filas do progresismo. É esta burguesía a que dende un principio intenta exercer o control sobre o proceso revolucionario, non sen a oposición dos grupos máis radicais, como sucede na Coruña, Ferrol e Santiago.

9. Domínguez Ferro, M., *O deputado Andrés Rojo del Cañizal: traxectoria vital e compromiso político (1787-1858)*, en "Cátedra", nº 16, 2009.

10. Barreiro Fernández, J.R., *Historia Contemporánea*, T. VI, Hércules de Ediciones, 1996.

11. Barreiro Fernández, J.R., *Historia Contemporánea,* T.VI, Hércules de Ediciones, 1996. Un exemplo sería a Xunta Revolucionaria de Tabeirós que, segundo Barreiro, é a que presenta o programa reivindicativo mais completo. A proclama do 1 de outubro da Xunta de Lugo afirmaba que entre os seus obxectivos estaba: *"impedir todo exceso, respetar todo derecho legítimo, asegurar el orden sin el cual la libertad degenera en repugnante anarquía"*.

Todo iso demostra que nun número significativo de localidades os cambios nos órganos de poder sexan inapreciabeis, existindo unha continuidade que apenas se ve alterada pola participación de elementos até entón afastados do réxime (como é o caso do republicano coruñés Miguel López, un dos membros da nova corporación). En Ferrol -onde é significativa a presenza dun activo núcleo de demócratas e republicanos- a existencia dunha numerosa poboación obreira condicionará a deriva radical da corporación, da man, especialmente, do escritor e editor Francisco Suárez García, presidente do Comité Republicano Federal de Ferrol[12] e un dos artífices do pronunciamento. Nas eleccións municipais de decembro de 1868 triunfan os republicanos federais, con Francisco Suárez na alcaldía. A él debese lle, ademais, a fundación da primeira loxia masónica ferrolá, "Luz de Finisterre nº 11"[13].

Obsérvase tamén una certa dependencia, cando non un seguidismo, das xuntas locais respecto das provinciais, así como unha subordinación ás decisións do goberno provisional. As xuntas das capitais exercen unha forte impronta, erixíndose en poder supremo da provincia, até o punto de disolver concellos ou ordenar a formación das xuntas[14].

É por iso problemática a equiparación do movemento xuntista coa revolución dende abaixo coa que ás veces se lle identifica[15].

3. A Revolución en Ferrol e comarca

Como en Cádiz, en Ferrol é a Mariña quen inicia a insurrección. Con todo, a intervención dos traballadores do Arsenal, opostos aos despedimentos e ás reducións salariais, xogou un papel decisivo no éxito do proceso revolucionario. Un comité revolucionario, que viña funcionando cando menos dende o ano anterior, foi o encargado de coordinar a operación.

Do telegrama enviado polo goberno a mañá do día 19 de setembro, anunciando o levantamento en Cádiz da escuadra, foi oportunamente omitida a noticia de que eran unicamente dúas as fragatas sublevadas[16]. As tropas comandadas polo xeneral de Mariña Blas García de Quesada, tomaron o Arsenal co apoio dos buques atracados no porto, en especial da fragata *Vitoria*, que estaba baixo o mando do capitán José Mª Berenguer. Mentres, o comité ocupábase de mobilizar a poboación ao grito de *¡Viva la Libertad!* e *¡Abajo lo existente!* O día 21 réndense as últimas unidades que, dirixidas polo gobernador militar, aínda se mantiñan fieis á raíña. O Concello fai público un manifesto onde se difunden os

12. VV AA, *Historia del Ferrol,* A Coruña, 1998.

13. Valín Fernández, A., *Galicia y la masonería en el siglo XIX*, A Coruña, 1990, pp. 159-182.

14. González Castañeda, T., *La Revolución de 1868 en 110 municipios españoles (Proceso de formación y obra de las Juntas Revolucionarias, desde el 19 de septiembre hasta el 31 de octubre),* en "Revista de Historia Contemporánea", 1984.

15. Ibíd.

16. Orellana, F. J., *Historia del general Prim*, Barcelona; La Ilustración, 1871-1872.

principios do movemento: *"Cortes Constituyentes: Abajo lo presente y libérrimo y amplio uso de la Soberanía Nacional"*[17].


Fragata "Vitoria"

Asegurado o triunfo do pronunciamento en Ferrol, a *Vitoria* partiu da cidade co obxectivo de alzar ás poboacións próximas. E aínda que na Coruña o capitán Berenguer se atopou coa negativa do capitán xeral Riquelme de sumarse ao pronunciamento, a posesión da base militar de Ferrol permtía supoñer que en cuestión de días o resto das cidades non tardarían en incorporarse ao movemento.

A *Junta Revolucionaria de Provincia,* constituída o día 26 baixo a presidencia de Blas García de Quesada, arrógase a máxima autoridade na zona até a aparición de novas xuntas, momento en que pasa a denominarse *Junta Revolucionaria de Ferrol.* Entre os membros da mesma atopamos o capitán de navío José Mª. Berenguer, o comandante de fragata Cándido Barrios, o coronel Domingo Calvo, o alcalde Aquilino Fernández e os concelleiros Fernando Rodríguez Pridall e Gaspar Rodríguez Rodríguez. Este último, médico de beneficencia e membro dunha familia de Redes ligada ao Partido Progresista, foi un dos principais promotores, xunto o seu irmán Daniel, do pronunciamento. As estreitas relacións que mantén co tamén progresista de Pontedeume José Vázquez Bugueiro, convérteno nun personaxe clave para entender a propagación do movemento pola comarca. Tanto el como o seu irmán mantiveron contactos con Prim e Olózaga en París e, de volta en Ferrol, ocupáronse dos preparativos para o levantamento de agosto de 1867, que fracasou. Exiliados durante os seguintes meses en Inglaterra, volveron en xaneiro de 1868 para organizar o pronunciamento de setembro.

Unha das primeiras medidas desta Xunta foi o aumento dos salarios dos traballadores do Arsenal e a readmisión dos despedidos. Tamén se dispuxo a formación dunha nova Xunta, que sería elixida por sufragio universal, sendo designado o propio García de Quesada, candidato do autodenominado Comité patriótico auxiliar da revolución. Pero as discrepancias que sobre o asunto mantén a Xunta co Concello acaban coa disolución da corporación e o nomeamento doutra baixo a presidencia de Fernando Vicent.

4. A sesión do Concello de Pontedeume do 27 de setembro de 1868

As especiais circunstancias que concorreron no pronunciamento do 68 en Pontedeume quedan perfectamente reflectidas nas actas municipais. Un día despois da

17. López Naveiras, E., *La huella y el final de una saga familiar en el puerto de Redes: La familia Rodríguez Rodríguez,* en "A Tenencia", nº 4, 2011.

formación da Xunta Revolucionaria de Ferrol, as novas autoridades cursan a orde pola que quedaba disolta a corporación. Velaquí a transcrición da sesión do 27 de setembro:

Sesión extraordinaria de 27 de septiembre de 1868.

En la sala Consistorial de la villa de Puentedeume, a veintisiete de Septiembre de mil ohocientos sesenta y ocho, bajo la presidencia del Señor Alcalde don Ignacio de Novoa y González, se reunieron en sesión extraordinaria los Señores Concejales anotados al margen, convocados en virtud de orden del Señor don José Vázquez Bugueiro, presente en este acto, dando a conocer a la Autoridad como comisionado de la jurisdicción de Puentedeume por la Junta Revolucionaria de Ferrol, con facultades extraordinarias para obrar en favor del pronunciamiento iniciado en dicha Ciudad, según comunicación, fecha de anteayer, suscrita por el Excmo. Sr. Teniente General Don Blas G. de Quesada, de que se dio conocimiento en el acto.

Enseguida, el Señor Vázquez Bugueiro expuso que, en virtud de las facultades de que se hallaba revestido, declaraba destituida la Corporación Municipal y nombraba para reemplazarla a los Señores que a continuación se expresan:

D. Leandro Varela Ruiz, Alcalde; D. Juan García Sueiro, primer Teniente de Alcalde; Juan Martínez de Tejada, Segundo; y José Mª Fajardo, D. Manuel Miguel Pérez, D. José Francesch, D. Julián Varela, D. Nicolás Fernández, D. Gregorio Sánchez, D. Rodrigo Pardo, D. Tomás Díaz, D. Francisco Varela, D. Manuel José Yáñez, D. Bernardo Varela, D. Manuel Pena y D. Vicente do Rigueiro, Regidores.

Acto continuo, previa invitación al efecto, abandonaron el salón los individuos del Ayuntamiento saliente y entraron de los nuevos nombrados los Señores D. Leandro Varela Ruiz, Alcalde Presidente, y los Concejales D. José Mª Fajardo, D. Vicente do Rigueiro, D. Benito Varela López, D. Manuel Pena, quienes tomaron posesión y juraron desempeñar bien y fielmente sus respectivos cargos.

El Señor Vázquez Bugueiro dio a conocer el lema del movimiento que se está operando en la nación y cuya base es defender la libertad y la soberanía nacional por medio de Cortes Constituyentes; y aceptados estos principios por la nueva corporación declaró constituida esta bajo la presidencia del Señor D. Leandro Varela Ruiz habiéndose acordado por unanimidad que el Señor Alcalde dictase por de pronto todas las disposiciones necesarias para secundar el referido movimiento.

Con lo que se levantó la sesión firmando esta acta el Señor Vázquez

Bugueiro con los Señores presentes del nuevo Ayuntamiento de lo que como Secretario certifico[18].

O documento fai patente o control que dende o inicio da revolución intentou exercer a Xunta Revolucionaria de Ferrol sobre os concellos da comarca e a subordinación á que foron sometidos os seus órganos de representación..

Outro aspecto destacábel do documento é o papel protagonista desempeñado por José Vázquez Bugueiro, comisionado da Xunta de Ferrol para o nomeamento da nova corporación.

José Vázquez Bugueiro, avogado de San Vicente de Meá (Mugardos), onde nacera en 1809, instalouse en Pontedeume en torno a 1835. Aquí casou con Josefa Antonia Rojo Bouza, filla do deputado Andrés Rojo del Cañizal[19], con quen poñerá as bases do partido progresista na vila. Algúns dos compoñentes do mesmo serán o tamén deputado de Pontedeume Patricio Rodríguez Díaz, pai do concelleiro de Ferrol e membro da Xunta Revolucionaria, Gaspar Rodríguez, e fillo á súa vez do que foi primeiro alcalde constitucional de Ares en 1813, Gaspar Rodríguez. A saga de Rojo e Vázquez Bugueiro terá tamén a súa continuidade con Constantino Vázquez Rojo, avogado e deputado, fillo deste último, a quen vemos formar parte da primeira Xunta Revolucionaria da Coruña en setembro do 68, e que posteriormente foi nomeado gobernador civil da provincia.

José Vázquez inicia a súa carreira política como rexedor do Concello de Pontedeume, do que será alcalde en 1838. En 1839 é elixido deputado suplente pola provincia da Coruña. Repite a designación dous anos despois e en 1843 logra a acta de deputado pola mesma provincia. As disputas que enfrontan aos progresistas durante a Rexencia de Espartero (1840-1843) sitúano no grupo oposto ao xeneral, que lidera o deputado e alcalde coruñés Vicente Alsina[20], e en 1843 preside a xunta local de Carballo -onde exercía como xuíz desde 1840- que se organiza contra o rexente.

Tamén participou no pronunciamento progresista de 1854 que pon fin á "Década moderada" (1843-1854), sendo elixido novamente deputado durante o "Bienio progresista" (1854-1856).

Coa volta dos moderados ao poder, Vázquez Bugueiro desaparece temporalmente do escenario político até o pronunciamento de 1868, exercendo neses anos como maxistrado das Audiencias de Cáceres, Barcelona, Granada e Oviedo.

O predominio do Partido Progresista durante a revolución do 68 en localidades como Pontedeume é fácilmente visíbel na moderación das reformas promovidas pola nova corporación, onde, malia a evidencia dos cambios, non achamos proposta ningunha de carácter revolucionario.

18. AMP, Caixa 8, *Libro de Actas Capitulares*.

19. Domínguez Ferro, M., *O deputado Andrés Rojo del Cañizal: traxectoria vital e compromiso político (1787-1858),* en "Cátedra", nº 16, 2009.

20. Barreiro Fernández, J. R., *Parlamentarios de Galicia. Biografías de deputados e senadores (1810-2003)*, Santiago de Compostela, 2003.

José Vázquez Bugueiro

As medidas enmárcanse no programa que o goberno provisional impulsou nos primeiros meses do Sexenio Democrático.

No referido ás medidas económicas, a máis popular foi, sen dúbida, a supresión do impopular imposto de consumos e a súa substitución por outro de carácter persoal. A eliminación do imposto creará enormes dificultades ás facendas municipais, que xa viñan sufrindo grandes problemas eonómicos derivados da crise. Ao longo dos meses de outubro e novembro, as actas municipais recollen as disposicións do goberno, procedéndose ao nomeamento dos repartidores do novo imposto, entre os que achamos a algúns dos maiores contribuíntes do concello, como Joaquín Mª Maldonado, o anterior alcalde Ignacio de Novoa e Leandro Portal[21]. Non hai constancia doutros acordos de carácter económico tomados polas novas autoridades, que si se levaron a cabo noutros municipios, destinados a favorecer a liberdade de industria e comercio, rebaixas de aranceles e prezos de determinados produtos; e outras dirixidas á mellora das condicións laborais e a creación de empregos, como a construción de obras públicas, a derruba de murallas e igrexas e as subscricións destinadas aos necesitados .

A cuestión relixiosa foi, sen dúbida, un dos grandes debates do momento, que atoparía a súa mellor plasmación na liberdade de cultos aprobada na Constitución de 1869. E aínda que ao longo do Sexenio Democrático podemos observar actitudes anticlericais –que se explican fundamentalmente pola identificación da Igrexa católica co réxime isabelino-, na maioría das localidades non se adoptaron medidas que se poidan interpretar como antirrelixiosas ou contrarias aos intereses da Igrexa. En Pontedeume, a única disposición neste sentido que atopamos nas actas é a prohibición á Igrexa de cobrar dereitos de sepultura[22].

Máis numerosas foron as disposicións tomadas en materia de ensino. Así, o Concello faise eco da extinción da Lei de instrución primaria. Especial preocupación merece a dotación dun colexio de ensino secundario, para o cal pretendeuse destinar a chamada Casa Cátedra, que era entón sede do Casino, e a cuxo presidente se lle urxe en varias ocasións para que faga entrega do edificio.

Tamén as cuestións urbanísticas suscitaron o interese das novas autoridades; e por iniciativa do rexedor síndico, José Mª Fajardo, proponse o cambio de nome da rúa Real polo de *Calle de la Libertad*. Prohibiúse, así mesmo, o tránsito de carromatos polas rúas da vila[23].

Un dato curioso, pero de oscura significación, é o feito de que o alcalde destituído por Vázquez Bugueiro, Ignacio de Novoa y González, comerciante de orixe maragato[24], fora o seu cuñado, pois este estaba casado con Benita Vázquez Bugueiro.

21. AMP, Caixa 8, *Libro de Actas Capitulares.*

22. AMP, Ibíd.

23. AMP, Ibíd.

24. PREGO GONZÁLEZ, A., *A Arbosa: un anaco de historia e de xeografía a través dun conflicto toponímico,* en "Cátedra", nº 15, 2008.

5. Conclusión

A falta de estudos locais que permitan coñecer con máis exactitude as respostas das autoridades locais e as reaccións dos diversos grupos socias dificulta unha análise máis completa das repercusións da Revolución de 1868 na comarca de Ferrol. Na vila de Pontedeume o pronunciamento semella respostar a un modelo de levantamento dirixido pola Xunta Revolucionaria de Ferrol e controlado por un sector das elites locais ligadas ao Partido Progresista que aspiraban a un cambio de réxime, pero que procuraron evitar en todo momento calquera cambio radical nas estruturas económicas e sociais. A participación de sinalados representantes políticos deste partido, como José Vázquez Bugueiro, o seu fillo Constantino Vázquez Rojo ou Gaspar Rodríguez Díaz, que participaron no proceso, garantindo o mantemento da orde e impedindo calquera exceso revolucionario, así parecen demostralo.